

As carrachentas están englobadas dentro dun fenómeno de longa duración da etnografía galega. Nos séculos XIX e XX as labregas das aldeas do interior de Galicia acudían masivamente ás praias do litoral Atlántico e Cantábrico para tomar os baños de mar na segunda quincena do mes de setembro. Os baños marítimos, recomendados polos médicos e curandeiros da época, eran bons para as doenças dos ollos, reumas e males en xeral; tiñan que ser nones, non podían ser pares, nin menos de sete nin máis de quince. O número ideal de baños era nove.

Estas peculiares bañistas reciben diversos nomes: carrachentas, Catalinas, Carolinas, Carolas, Poubanas, Mantidas, Palmatorias, Canónigas, montañesas, canouras...

AS CARRACHENTAS

AS CARRACHENTAS

Fina Roca



Fina Roca



FINA ROCA DÍAZ

Licenciada en Filosofía e Letras (Xeografía e Historia) pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesora de Ensino Secundario de Lingua Castelá e Literatura no I.E.S. Urbano Lugrís de A Coruña. Colaboradora de Prensa.